

# As Corseteiras

AS IRMÁS AURORA, MARÍA, NIEVES E NICERETA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ

É imposible falar de represión en Pontevedra e, sobre todo, falar da xente que no tempo do medo foi solidaria, sen que apareza unha mención *ás Corseteiras*, ou o que é o mesmo, ás irmás Aurora, María, Nieves e Nicereta Martínez Fernández.

O alcume víñalles da súa profesión de modistas especializadas nesta prenda feminina nun tempo en que a lencería se facía de encarga e tiña especial protagonismo no enxoval das noivas. A súa sona de solidarias proviña dunha traxectoria que se iniciou nos tempos do *Socorro Rojo* e que non rematou co golpe de Estado. Todo o contrario. Aínda que o seu compromiso provocou a condena dos fascistas, o seu paso pola cadea, lonxe de cambialas, agudizou a súa solidariedade, gabada polas familias de moitas das mulleres coas que coincidiron nas celas.

Alí estiveron, por exemplo, coas irmás Dios, Fina e Tucha, do Ferreiro do Pino; con Josefina Arruti, muller de Osorio Tafall, primeiro alcalde da República en Pontevedra; ou con Emma García Mourón, a muller de quen ocupaba ese cargo en xullo do 36: Manuel García Filgueira. Emma tiña un bebé de curta idade, Carlos, co que *As Corseteiras*, e en especial Aurora, se encariñaron tanto que cando saíron do cárcere lle propuxeron a Emma, que aínda permanecería longo tempo presa, levalo para a súa casa. Así o fixeron e Carlos García Mourón acabou vivindo para sempre con aquelas improvisadas madriñas.



Tamén eran moi amigas da bordadora María Vidal, filla da compañeira de Luís García Temes. De feito, din que a María levárona presa por ser amiga das *Corseteiras*. No cárcere, María coñeceu a Otilia Meis, tamén presa pola súa ideoloxía, e cando saíron deulle acubillo na súa casa, onde Otilia seguiu vivindo logo de casar e onde criou os fillos.

Coidar o bebé de Emma foi só un dos moitos acenos de solidariedade que amosaron as irmás Martínez Fernández no tempo do medo nacido daquel golpe de Estado que tanto ía bater contra a súa familia, fondamente implicada coa República.

Procedían de Mende, en Ourense, e trasladáronse a Pontevedra seguindo o seu irmán Arturo, que tivo un importante taller de carpintería na actual rúa de Benito Corbal. Nesa rúa acabarían vivindo tamén Aurora, María, Nieves e Nicereta, tras pasar por Santa María e Michelena. Elaboraban os corsés na casa pero xa na posguerra, logo do tempo do cárcere, abriron na zona dos Soportais un negocio para a súa venda, xunto coa lencería que mercaban xa fabricada.

Antes, á súa chegada a Pontevedra, Aurora gañou cartos como “escribinte”:

“Aurora primeiro gañaba a vida lendo cartas na Peregrina. Contaba que puxo alí unha cadeira e a xente analfabeta explicáballe o que quería que puxera e ela escribía porque daquela moita xente non sabía ler nin escribir”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

Non sabe a muller dun dos sobriños das *Corseteiras* como foi que aquela rapaza de familia humilde tivera estudos pero o certo é que logo da guerra, cando abriron o negocio dos Soportais, era ela quen, ademais de deseñar moitas das pezas, levaba con soltura as contas. Nada fácil para unha rapaza nacida en berce humilde a finais do século XIX.

En xullo de 1936 María, que era a maior, tiña 53 anos e Niza, a máis nova, 36. As catro estiveron en prisión aínda que Nieves moito menos tempo que as súas irmás, segundo a súa familia debido ao seu delicado estado de saúde.

Da súa traxectoria política explica o historiador Xosé Álvarez Castro no seu blog *Pontevedra nos anos do medo* que durante a Segunda República as irmás, e nomeadamente Aurora, participaron activamente nas manifestacións e desfiles organizados polos partidos marxistas, destacando no recibimento de Margarita Nelken e da *Pasionaria*. Xa durante a revolución de 1934 encargáronse de visitar no cárcere persoas detidas, sobre todo de significación socialista, sendo consideradas como intermediarias do *Socorro Rojo Internacional* e chegando a realizar donativos para os presos.



Será precisamente o seu apoio ás persoas presas, explica Álvarez, un dos motivos aducidos para detelas o 26 de xullo de 1936 xa que os días posteriores ao golpe levaron roupa, alimentos, tabaco e diñeiro ás persoas retidas no cárcere e na escola Normal e eran consideradas pola policía como enlaces entre aquelas e o exterior.

O blog recolle un informe onde as novas autoridades golpistas denunciaban que *As Corseteiras “frecuentaban la cárcel diariamente, al objeto de alentar a los allí detenidos, dándoles esperanzas por el triunfo marxista; a las personas que no simpatizaban con su idea, las insultaban, incluso a las de orden que viven contiguo a la Cárcel, suponiendo que pertenecen al Socorro Rojo Internacional, aunque de ello no hay comprobante alguno”*.

Por Álvarez Castro coñecemos que a permanencia de Niza, Aurora e María no cárcere mantense ata o 25 de outubro de 1937. Son catorce meses de “condena” sen que se lle chegue a abrir proceso algún, e para ser postas en liberdade teñen que pagar unha multa de mil pesetas cada unha. Unha vez efectuado o pagamento sairán a unha cidade onde fican para sempre marcadas por *rojas*, como testemuñan algunhas manifestacións de persoas afíns ao golpe atopadas por Álvarez Castro.

Unha delas declararíaa que *“le llama poderosamente la atención que esta clase de gentes anden por la calle, por creer sea un peligro, en el orden político-social, para el nuevo Régimen que la ESPAÑA honrada propugna y que es el Nacional Sindicalista”*. Pola súa parte, un antigo membro de Dereita Galeguista reconvertido en falanxista manifesta que *“no encajan en el nuevo Estado Nacional Sindicalista y la permanencia de las mismas por la calle es perjudicial para el nuevo Régimen.”*

Así, xa fóra do cárcere, *As Corseteiras* seguen no punto de mira dos golpistas e enfróntanse a novas acusacións, como as de ter subministrado armas que tiñan escondidas nos seus mandís aos obreiros que o 20 de xullo tentaban facerlle fronte ao Exército, así como de excitalos á rebelión.

Marisa Martínez Martí, neta de Arturo, o irmán das *Corseteiras*, explica que chegaron a facerlle rexistros na súa casa en busca precisamente desas armas e que elas recoñeceron co tempo que as agocharan, non sendo nunca atopadas polos gardas:

“Denunciáronas por ter armas da resistencia antifascista e era certo que as gardaran elas pero non as atoparon na casa porque as tiñan agochadas noutro sitio. Onde foi un segredo de familia que levaron para a tumba pero si é verdade que as gardaran elas”.



*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez Fernández*

O caso é que, segundo explica Xosé Álvarez Castro, o 28 de marzo de 1938 e, polo tanto, case un ano despois de que *As Corseteiras* recobrasen a liberdade, dous suboficiais do servizo de información da Garda Civil abriron novas dilixencias para esclarecer, segundo explicaba o documento, a actuación político-social dunhas mulleres que consideraban “*verdaderamente extremistas y peligrosas para el orden público*”. Seguindo o protocolo acostumado, chamaron a declarar a diversas persoas consideradas “*de orden y solvencia moral*”, a maioría gardas cívicos e falanxistas, e chegaron a abrir causa, a número 379/38, na que tamén procesarían a comunista María Fandiño e a sobriña das *Corseteiras*, a mestra Peregrina Dolores Martínez Santos, ditándose para esta e o seu pai, Arturo, arresto domiciliario na súa vivenda de Joaquín Costa. Pero nunca atopan probas de que agochasen as armas e o auditor Hernán Martínez Bobadillo pide o sobresemento.

As irmás Martínez Fernández ficaron sinaladas como elementos extremistas, e mesmo elas facían chanzas con iso, como lembra Chola Martí, a muller do seu sobriño Rafael Martínez Santos, fillo de Arturo:

“Aurora foi a miña madriña de voda. Coñecina a ela e ás súas irmás sendo moza do meu home. Un día empeñouse en que tiña que ir á súa casa, coñecer a súa nai, e cando cheguei, a miña sogra estaba coas tías de Rafael. O primeiro que me dixo Aurora foi:

-Ai, por fin vas coñecer as horribles *Corseteiras*!

Díxomo a min así mesmo, porque daquela elas estaban marcadas por *roxas* e eran xente moi coñecida”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

O pai de Chola, Vicente Martí Eiras, estaba cumprindo o servizo militar cando foi do golpe de Estado e tocáballe participar nos fusilamentos do 12 de novembro pero, segundo explica a súa filla, finxiu un desmaio para non ter que disparar contra un dos dez homes formados no paredón: o mestre Germán Adrio, que lle dera clases no colexio X:

“Ao meu pai, que estaba na mili, tocáballe participar no asasinato do que fora o seu mestre e simulou que se desmaiaba para non disparar contra Don Germán Adrio, que lle dera clase no colexio X”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

*As Corseteiras* ficaron sempre solteiras e non tiveron descendencia pero, ademais de criar a Carlos García Mourón, trataron sempre a súa sobriña Peregrina, a filla de Arturo, como se fose filla súa.



“En realidade á miña cuñada Lolita criárona as tías. Dixéronlle ao meu sogro se lle deixaban ir a nena e como as irmás estaban solteiras...”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

Aquela nena tiña 21 anos cando foi do golpe e era mestra en Rouxique, no Concello de Sanxenxo.

“Contaba que tiña moitísimos nenos na aula. Ata oitenta! Tantos que ás veces ía a súa irmá Paulina con ela á escola para axudarlle”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

Tras o golpe, Peregrina foi afastada das aulas mais, lonxe de arredarse, presentou mil e un escritos para que se lle restituíse o posto. Cómpre destacar que en ningún momento se someteu ao novo réxime; moi ao contrario, utilizou as alegacións para criticar os seus detractores.

Sobre Peregrina Martínez Santos ten estudado moito Xosé Álvarez e no seu blog explica que estaba afiliada ás Xuventudes Socialistas Mixtas co número 14 e participaba nos actos organizados polas esquerdas pontevedresas. Segundo conta a familia, tamén estaba afiliada a irmá de Peregrina, Paulina Martínez Santos. Ambas, segundo a familia, colaboraban coas clases de alfabetización de adultos.

Tamén estaba afiliado o seu pai, neste caso no Partido Socialista. Arturo Martínez tiña aínda un número de carné máis baixo que o da filla: “creo que era o número 2”, di a súa neta.

Peregrina permanece presa practicamente un ano. Segundo Álvarez é detida o 27 de outubro de 1936 e posta en liberdade o 25 do mesmo mes de 1937. Pero, ao igual que acontecera coas súas tías, a persecución continúa e na causa que compartiron pesou sobre Peregrina o durísimo testemuño do cura de Vilalonga, parroquia do Concello de Sanxenxo onde impartía clases. Dela dixo que tiña ideas comunistas, recibía xornais extremistas como *El Socialista* e *Mundo Obrero*, non formaba o alumnado na educación cristiá e consentía que blasfemasen. Acusouna tamén de mandar colocar pasquíns en diferentes puntos da parroquia “con las consignas del odioso comunismo” e de non frecuentar a igrexa nin cumprir cos deberes de todo bo cristián. Non faltaron tampouco, segundo recolle o blog, acusacións de veciñanza da zona.

Aínda se lle abriría outro expediente por responsabilidades políticas en 1941 pero, como o anterior, sería sobresido, neste caso en 1943.

Pero ao paso de Peregrina pola cadea houbo que sumarlle a fortísima represión económica que sufriu, ao igual que as súas tías e o seu pai. No seu caso, ademais



de serlle imposta unha multa de mil pesetas, foi afastada das aulas e, polo tanto, do seu modo de vida desde o mesmo momento do triunfo na Galiza do golpe de Estado.

*Pontevedra nos anos do medo* recolle que a Comisión de Depuración de mestres acusouna de “mala conducta profesional, religiosa, social y particular, haciendo públicas manifestaciones de sus ideas comunistas”, así como de darlle orde ao alumnado para “colocar carteles con la hoz y el martillo, habiendo orientado la enseñanza de acuerdo con sus ideales comunistas, antipatrióticos y disolventes” ou de facilitarlle aos pais e nais do mesmo “periódicos disolventes”. No seu expediente explicábase tamén que no relixioso era atea e nas eleccións fixera propaganda marxista. O inspector consideraba mala a súa “moral relixiosa” pero recoñecía que era boa profesional, o que non impediu que se lle prohibira seguir dando clases.

Pero como dixemos, Peregrina non se arredou e presentou alegación contra os cargos da Comisión nun ton nada habitual durante o franquismo e, como sinala Álvarez Castro, moito menos no ano 1937. Era o tempo dos asasinatos continuados en gabias e paredóns, das rapas e outras agresións sexuais contra as mulleres, do desterro e o terror e, porén, Peregrina resistiu e non só non deu nunca sinais de arrepentimento senón que chegou a atacar os acusadores, como mostran algúns dos parágrafos das súas alegacións recollidas polo historiador no seu blog:

“Parece como si los denunciante disfrutasen repitiendo las mismas frases de difamación para hacerlas más mortificantes. La conducta. Nuestra conducta es mejor o peor, según la que tengan aquellos que se toman la molestia de analizarla. Así, las personas de instintos perversos, consideran de peor conducta a otras que encaminan todos sus actos a practicar el bien. Sin que esto signifique propósito de aludir ni molestar a nadie”.

A sobriña das *Corseteiras* foi contestando punto por punto todas as acusacións. Por exemplo, respecto á repartición de xornais di: *“esta falsedad se descubre sola. ¿Cuando y en que parte se vió a los maestros nacionales repartidores de periódicos y del correo? Además, los moradores de Rousique (sic) no son tan infelices que necesiten andadores, pues, saben moverse perfectamente solos, igual que los de todas partes”*.

Tamén responde ás acusacións de ateísmo: *“Como desconozco a los denunciante, no puedo negar ni afirmar en absoluto; pues, si el de ellos fuese el dios de maldad, el de los fariseos, el de los que comercian con él, el de los que en su nombre cometen crímenes y villanías, tienen razón que lo repudio; porque mi Dios es el Magnánimo, el de Misericordia y Bondad; el de Amor al prójimo y libre de todo mal”*.



E remata o seu escrito chegando a subliñar a ruindade das persoas responsables do seu expediente: *“Y, consecuente, compadezco y perdono a los que difaman tan despiadadamente; aunque jamás creí que un corazón humano pudiese abrigar tanta ruindad”*.

A pesar de que as súas alegacións se acompañaron cun escrito de preto de cincuenta páis e nais que afirmaban a conduta impecable da mestra e a satisfacción polo seu labor educativo e desmentían as acusacións contra ela, a sanción foi de separación definitiva do servizo.

Pero Peregrina segue sen arredarse e xa na década dos cincuenta solicita a revisión do expediente afirmando que *“ha purgado su pecado con exceso; 18 años apartada de la carrera que tantos sacrificios le costó y que fue la vocación de su vida”*. Nesta ocasión os informes da Garda Civil, o alcalde de Sanxenxo e o cura de San Bartolomé son favorables, pero non así os do cura de Noalla, encargado de Vilalonga, que afirma que *“ni siquiera por curiosidad entró en la iglesia; además hacía propaganda de ideas ateas y comunistas”*. O 28 de abril de 1958 consegue que por fin se propoña o seu reintegro no corpo, mais é sancionada co traslado fóra da provincia durante cinco anos.

Non foron só as mulleres das familias as que sufriron a represión fascista. O pai de Peregrina tamén foi multado, cunha cantidade exorbitante naqueles tempos: mil pesetas. Para cobralas instrúese *expediente de apremio*, que deriva na venda mediante puxa pública, en 1937, de varios mobles e efectos que lle foron embargados e ademais, segundo explica a familia, Arturo sufriu continuas requisas de camas e outros mobles para fornecer o bando sublevado. Acusado de *“ser contrario al Movimiento Nacional y desafecto a la causa de España”* tamén pasa polo cárcere, aínda que menos tempos que as mulleres da familia:

“O meu avó era un señor moi coñecido en Pontevedra. Facía mobles para a Deputación, o Goberno Civil... quizais por iso só estivo corenta días no cárcere, na Normal”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*

E, como as súas irmás, Arturo amosou a súa solidariedade mesmo no tempo do medo:

“O meu avó estivo no cárcere corenta días e corenta noites e sempre dicía Nina que o seu pai fixera no cárcere camas para os presos co que tiñan por alí.”

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*



Durante ese tempo, a súa filla Paulina tirou da xenética valente e solidaria das tías e converteuse en apoio fundamental non só para o seu pai senón tamén para outros presos pontevedreses:

“A miña tía collía un *porrón* coma quen que lle levaba auga ao meu avó e metía dentro cartas e por riba poñía un tapón. E tamén lle levaba viño coma quen que era auga. O viño estaba prohibido pero, como ela era moi seria e tiña así cara de formal, di que non a rexistraban nunca, que había outras ás que si pero a ela non. E era todo un correo andante porque levaba cartas para moitos presos. Ía ata A Moureira coller cartas e levábaas ao cárcere. Decía que non lle tiña medo a nada porque con ela non se metían pero era un risco”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*

A familia explica que Paulina estaba tan comprometida coa República como Peregrina pero que, non obstante, a ela non a prenderon, quizais porque era un ano e medio menor e só tiña dezanove cando foi o golpe. De feito, aseguran que a versión que sempre quedou na familia foi que non había orde de levar Peregrina pero que a apresaron porque un dos gardas era un pretendente rexeitado. Verdade ou mito, o certo é que na súa familia nunca se ocultou nin o fondo compromiso coa República nin as consecuencias que iso supuxo. As irmás Martínez Fernández recoñeceron que foron as gardiás de armas das milicias e tanto Peregrina como Paulina, que viviu coa nora de Arturo durante anos, contaron sempre que cando foi da lectura do bando de guerra en Vigo elas estaban na Porta do Sol, onde acudiran a un acto das Xuventudes Socialistas.

Tampouco tiñan reparo en falar doutras mulleres que sufriran a represión na cidade, sobre todo a humillación da rapa, e sobre todo de pontevedresas que como elas amosaran a súa solidariedade no tempo do medo:

“Falaban dunha muller que collía area na praia, a *Roxa* creo que lle chamaban, que non sei como facía para darlle a Nina algo para os presos; e logo estaba a señora Umbelina, a de Castaño, que era a que lle daba o viño para levarlles”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*

Un día a piques estiveron de sorprenden a Paulina coa bebida prohibida e ela tivo que tirar de imaxinación para saír do paso:

“Ela sempre facía como quen que levaba auga e un día un dos gardas quixo beber e, para que non a descubriaran, ela dixo:

-*Caraí*, ti terás auga aí e eu levo tanto tempo agardando para poderlles levar a eles...

E non lle deu para que non mirase que era viño. Sempre o contaba ela, con moita graza...”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*





Arturo saíu axiña do cárcere pero a presión continuou e entre as multas, os embargos e os impostos tivo moitos atrancos para continuar co taller, chegando a vender unha propiedade que a súa sogra tiña na Eiriña para poder saír adiante:

“A casa da Eiriña era por matrimonio, era da miña avoa Paulina Santos. Os Santos eran comerciantes e tiñan terras pero tiveron que malvender... Ocupaban boa parte do actual barrio da Eiriña, tiñan xornaleiras, pero para saír adiante tiveron que vender todo, e mal”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*

Foron tempos duros pero os Martínez saíron adiante mantendo sempre as súas ideas.

“Elas tiñan un retrato de Pablo Iglesias ao que lle puñan por riba un debuxo para tapalo. Por riba tiñan unha imaxe calquera e por debaixo a Pablo Iglesias, e así ata a Transición, que xa o puideron destapar”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

O que nunca agocharon foi a súa solidariedade:

“Era unha xente que facía moitas obras de caridade. Ían ao asilo, eran dos irmáns de San Rafael...”.

*Marisa Martínez, neta de Arturo Martínez*

“Auroriña saía os domingos e o percorrido que tiña era ir ao hospicio, logo ao asilo e logo a outro que había máis arriba... non o lembro agora”.

*Chola Martí, nora de Arturo Martínez*

O camiño deixou fonda pegada e na memoria de Pontevedra ficará cosida para sempre ao nome das Corseteiras a etiqueta de solidarias.